



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 1 DE DECEMBRO DE 2014**

**LUGAR:** CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

**TIPO DE SESIÓN:** EXTRAORDINARIA E URGENTE **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ  
Concelleiro  
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira  
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO  
Concelleiro  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira  
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS  
Concelleira  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE  
Concelleiro

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
concelleiro

SECRETARIO ACCIDENTAL

D. LUIS M. LOZANO LORENZO

FALTAN Á SESIÓN:

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO  
Concelleiro  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
Concelleiro

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día un de decembro dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesiões o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario Acctal.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA E ÚNICA**

1º.- APRECIACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA DATA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA DO MES DE DECEMBRO DE 2014.

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA E ÚNICA**

**1º.- APRECIACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.**

**Sr. Alcalde:** Benvidos a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación municipal. O primeiro punto, ao tratase dunha sesión extraordinaria, é a apreciación da urxencia desta sesión, e o motivo da urxencia, a proposta que é incorporada no propio Pleno, na propia convocatoria, é que, tendo en conta a resolución do Programa de

mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, da Dirección Xeral de... do Director Xeral da GADER na que se comunica a este Concello de que no prazo de 15 días deberá presentar a oportuna solicitude acompañada, entre outros documentos, do certificado do Secretario de cantidade solicitante, remitindo as Contas do último exercicio ao Consello de Contas. Tendo en conta que están xa, por suposto, tramitadas esas Contas do exercicio 2013, que estábamos pendentes de celebrar un Pleno ordinario para a súa aprobación definitiva, pero que non é o prazo... non entra dentro do prazo necesario, pois vémonos na obriga de convocar este Pleno extraordinario e urxente para poder remitir a documentación e a solicitude da subvención en tempo e forma.

Non sei si hai algunha cuestión en relación á urxencia. Ten a palabra señora Louzao.

**Dna. Belén Louzao Vieites, Concelleira do PSdeG-PSOE:** Ben, con respecto o tema da urxencia, atopámonos outra vez máis presentando as Contas dun exercicio fóra de prazo, algo que xa non é a primeira vez que acontece e que xa non é a primeira vez que, por motivo dunha subvención, despois hai que presentalas aprisa e correndo. Se efectivamente a Lei marca o prazo no mes de outubro para telas presentado, e xa no mes de agosto se tiña presetado a petición por parte da Alcaldía de informes a Intervención, e xa se estaba iniciando o procedemento, dende logo se houbera podido facer, sen ningún lugar a dúbidas, en prazo. Ademais, o motivo que vostede aduce, o motivo da presentación de subvencións, non fai tantos días era o seu Concelleiro de Facenda o que dicía que non era certo que se puideran perder subvencións por non telas presentado en prazo. Vemos unha vez máis en que queda a súa palabra, do seu goberno, en entre dito e totalmente falseada, pero vemos como a Resolución da Xunta fala dun prazo de 15 días, o Pleno ordinario do día 4, un Pleno ordinario en tres días, dende logo, si está en prazo tendo en conta a fecha da Resolución da propia Xunta de Galicia, sen coñecer, dende logo, a fecha na que o recibe o Concello, tendo en conta sempre que é posterior á Resolución da Xunta, porque non o recibirá o Concello notificación antes que se faga pública a Resolución. Polo tanto si cúmplase o prazo con fecha da resolución, máis se cumprirían entón coa data da recepción por parte do Concello. Por iso, e tendo en conta que hai un Pleno ordinario dentro de tres días e por convocatoria oficial deste Concello, por suposto que así está aprobado tódolos meses o primeiro xoves que exista un Pleno ordinario, e vendo a motivación que din vostedes que non había que levar, ou así se nos trasladou no seu día na Praza do Concello a nós, que non había asuntos que levar, desde logo entendemos que si os había, por iso non podemos compartir a urxencia desta moción, porque se houbera podido, perdón, a urxencia deste Pleno, porque se podría facer totalmente como un Pleno ordinario e sin necesidade de convocar un viernes á tarde, sin necesidade, incluso, de que se fixera con esta premura, e poder visualizar os informes finais dentro de este expediente e, como dicíamos, unha vez máis estando apercibidos xa por parte da Interventora no mes de agosto de que se estaba a tramitar o expediente fóra de prazo. Moitas grazas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Algunha outra intervención?.

**D. Xosé Magariños Maceira, Concelleiro de BNG:** Si.

**Sr. Alcalde:** Ten a palabra señor Magariños.

**Sr. Magariños:** Este Pleno urxente é unha mostra máis de como goberna o Partido Popular da Estrada, o que é desorganización e improvisación, de xeito que, dentro de un pouco, vámonos atopar que cando vaiamos ao dicionario a buscar o significado de

desorganización e de improvisación, vámonos atopar "xeito co que goberna o Partido Popular na Estrada", e que iso xa... Levamos co estado de Contas sabendo que hai que aprobala, e xa non un día nin dous. Este xoves podía ser o Pleno ordinario, si que había cuestións para tratar, pero bueno... como ao final... como non sabemos o que facer, pasa o que pasa e así nos vemos nesta situación de convocar un Pleno urxente a toda velocidade, que a pouco máis non lle da nin tempo o venres par poder aprobar en tempo este estado de Contas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben señor Magariños. Ten a palabra o Concelleiro de Facenda.

**D. Alberto Blanco Carracedo, Concelleiro de Facenda:** Ben, en canto á premura deste Pleno hemos de ter en conta en primeiro lugar que a Conta Xeral fórmaa á Intervención, que non é o grupo de goberno, que ten que rendir ao Tribunal de Contas é a intervención, e nos movemos cos prazos que nos solicita á Intervención, polo cual o outro día que, como ben din que falamos que non había ningún asunto urgente para levar, si aparece esta comunicación dunha subvención que si nos obriga a aprobar a Conta Xeral con prisa. Falan que podía haber sido o día catro, desde Intervención dinnos que, ante problemas que se poidan presentar e o tempo que lle leva, pídenos que o fagamos con maior antelación. Ese era o motivo porque que se faga este Pleno extraordinario e urxente e non esperemos ao do día 4, deixando ese do día 4 ordinario para os asuntos que no seu momento falei co resto dos portavoces.

**Sr. Alcalde:** Moi ben señor Blanco. Creo que queda claro que esto non é unha competencia nin responsabilidade do goberno, outra cousa é que a oposición pretenda culpar ao goberno de tódolos males que existan neste planeta, pero está claro que moitas veces esa obsesión lles obceca, e sabe que dentro das competencias que ten o goberno, non é o de tramitar nin rendir a Conta Xeral, ou polo menos deberían de sabelo, vamos, si non o saben entonces é que realmente o nivel da oposición é bastante mellorable. É competencia da Intervención municipal rendir a Conta Xeral e facer un certificado que acredite que esa Conta esta rendida, coma ben deben de entender vostedes. Polo tanto buscar ir a ese límite para responsabilizar ao goberno desta cuestión... o que ten que facer o goberno é que cando a Intervención ten rendida a Conta e ten feita a tramitación, que está feita, non se esta a facer nada por urxencia, porque xa houbo o Pleno para a súa aprobación inicial, xa houbo o período da Comisión convocada oportunamente, xa se cumpriron todos os trámites, e o único que faltaba era que a Intervención nos rendese a Conta para poder aprobala en Pleno. Mentras que nós non a teñamos non a podemos aprobar, como vostedes comprenderan, entonces o que hai que ser é un pouco serios e un pouco sensatos e a verdade é que, bueno, eso de intentar culpar ao goberno de todo canto pase en este país pois a verdade é que os deixa a vostedes en bastante mala situación, pero bueno, vostedes verán. O que si vamos a someter á aprobación da urxencia desta sesión e o debate correspondente. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Aprobase por maioría.

Finalmente se somete a votación a urxencia desta sesión, sendo aprobada polos votos a favor do PP (11) e en contra do PSdeG-PSOE (7) e BNG (1).

## **2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013.**

**Sr. Alcalde:** O segundo punto é a aprobación si procede da Conta Xeral correspondente ao exercicio do 2013, e para defender esta cuestión ten a palabra o Concelleiro de Facenda D. Alberto Blanco.

**Sr. Blanco Carracedo (Concelleiro de Facenda):** Ben, para facer unha breve visión do que foi a Conta Xeral, que recordamos que, como decía fai un momento, é toda aquela documentación que forma a Intervención e que é o reflexo da situación económica, financeira e patrimonial xunto cos resultados económico patrimoniais e a execución e liquidación presupostaria. A liquidación presupostaria xa foi presentada ante este Pleno no seu momento cos resultados que agora volveremos a comentar así polo alto, xunto ca citada documentación que, como digo, reflexa a situación económica e patrimonial. E no exercicio 2013, como notas fundamentais, vemos que se mantuvo o gasto social, incrementouse... hubo un incremento grandísimo das inversións dobrando o que se tiña previsto inicialmente, e todo isto mantendo sempre o que é o cumprimento que lle corresponde ao Concello cos provedores. Así temos que, si inicialmente o presuposto era de 12.445.000 euros, finalmente a cifra final anduvo cerca dos 16 millóns, e realmente foi un incremento moi importante, pois estamos falando de 3 millóns e medio de euros por encima dos inicialmente presupuestados. Como decía fai un momentíño, deste incremento as inversións levan a maior parte da culpa deste incremento porque pasan de 1.600.000 a 4.141.000, é dicir, estamos incrementando en dous millóns e medio e os... en dous millóns e medio de euros as inversións previstas, e se ejecutan por riba do inicialmente presupuestado.

Como outros valores significativos, temos que o resultado presupuestario é de 1.200.000, donde hai un remanente total de 1.720.000 euros e un remanente líquido de seiscentos tres mil. O aforro é unha cantidade importante tamén, 1.400.000 euros.

Despois temos outras notas importantes que van máis alá da liquidación presupuestaria e que teñen que ver coa situación patrimonial do Concello. O patrimonio total incrementábase durante o exercicio 2013 en 2.700.000 euros respecto ao ano anterior 2012, cun... correspondendo o inmovilizado a un incremento de casi dous millóns de euros o inmovilizado material, basicamente estamos falando de actuacións que teñen que ver sobre todo co novo Mercado, actuacións en calles como Leicures, locais sociais. Inicialmente había unha previsión de por debaixo de 10.000 euros e acabou en 90.000 e ben, en canto ao patrimonio este incremento é importante, pero todo elo sin descuidar a Tesorería, que se mantén en valores moi altos, 2.358.000 euros, a pesar de que o Concello tuvo que asumir uns adiantos de cerca dun millón de euros como consecuencia das actuacións do novo Mercado e o seu entorno.

Conseguimos ademais que a deuda bancaria baixase en 756.000 euros respecto ao ano anterior, quedando xa por debaixo dos tres millóns de euros. Isto lévanos a uns ratios, a unhas fotos fixas a final de ano e que realmente son, bueno, son gratificantes para este grupo de goberno, posto que temos que o endeudamento por habitante que queda en 174 euros, este é un dato que nos coloca por debaixo da metade dos Concellos de Galicia. Temos unha liquidez de 1,3 e unha solvencia de 2,67; estos son uns... uns ratios que realmente son de estar satisfeitos e basicamente me remito ao dito inicialmente, que, a parte de que son uns números que encaixan, conseguimos que se aumenten os gastos en servizos sociais, que se fagan inversións importantes na Estrada e todo elo con baixadas da carga financeira do 45%. Penso que son unhas boas cifras e que sitúan ao Concello da Estrada en unha situación de solvencia absolutamente manifesta e que encamiñan e recuperan ese deterioro que estaba a sufrir a situación patrimonial e económica deste Concello.

**Sr. Alcalde:** Muy ben, moitas gracias señor Blanco. Algunha intervención?. Ten a palabra señora Louzao.

**Sra. Louzao:** Ben, ofrécenos dende o grupo de goberno, como non

podía ser de outro xeito, uns datos totalmente positivos, moi optimistas, pero, dende logo, dos propios informes se deriva outra cousa, e o primeiro que se deriva e que si o outro día mentía o señor Blanco cando dicía que o Concello non perdía subvencións por non ter presentado as Contas en prazo, minto hoxe tamén o señor Alcalde cando di que non lle corresponde a rendición das Contas, posto que dise literalmente: *"corresponde ao presidente da entidade local a rendición da Conta Xeral"*. Ben, polo tanto dende logo non descarguemos responsabilidades en quen non corresponde, e está vostede apercibido por Intervención dende o mes de agosto, de que está fóra de prazo, un prazo que se remataba a conta... a formación da conta no 2013 e vostede non ordenara o seu inicio. Polo tanto está apercibido e é a súa responsabilidade. Pero indo máis alá, nesta Conta, e o propio informe de Intervención así o recolle, o resultado é inicialmente negativo, o ritmo de ingresos é dun 81,3% fronte ao ritmo de gastos que foi dun 83,5%, polo tanto inicialmente é un ritmo negativo, un ritmo negativo no que ademais hai que ter en conta que os gastos imputables ao capítulo 1 e o capítulo 2, persoal e gasto corrente, se incrementaron en máis dun 3% con respecto ao ano pasado, é dicir, estamos falando de preto dun millón de euros que se incrementou en gastos desta natureza. Unha Conta Xeral na que quedan pendentes de pago máis de 1.200.000 euros, unha Conta Xeral de 2013 na que para cadrala fixeron vostedes sesenta e seis modificacións orzamentarias. Estamos falando, polo tanto, de cantidades importantes de diñeiro, de preto de 3,5 millóns de euros de modificacións, de variacións no Orzamento que vostedes mesmos fixeron para poder cubrir e axustar esta Conta. Estamos falando dun orzamento que recorre aos remanentes de crédito para poder axustarse e dun orzamento, dunha Conta Xeral que fai que a liquidez do noso Concello baixe con respecto ao ano anterior.

Se todos estos motivos e algúns máis que poderíamos seguir engadindo xa poderían ser causa suficiente para un voto negativo a esta Conta Xeral, vamos efectivamente a votar en negativo esta Conta pero por outro motivo, porque unha vez examinados os expedientes, unha vez vistas as facturas que se cargan a esta Conta Xeral de 2013, vistos os expedientes de contratación que se realizaron neste mesmo ano, e vistos os Decretos da Alcaldía nos que se ordenan contratacións e pagos, cóstanos problemas nesta Conta Xeral, hai expedientes de dudosa legalidade e, polo tanto, o noso grupo de goberno non pode apoiar con estas ilegalidades manifestas, non pode apoiar esta Conta Xeral. Moitas gracias.

**Sr. Alcalde:** Muy ben, moitas gracias señora Louzao. Ten a palabra señor Magariños.

**Sr. Magariños:** Acábanos de ofrecer o Concelleiro de Facenda un mundo idílico igual que nos ofrece o Alcalde e outros membros do goberno día si e día tamén nos medios de comunicación, pero esta Conta Xeral ven a desmentir e ven a decir claramente cal é a realidade deste Concello non?. Vese que, ano tras ano, desde que goberna o Partido Popular na Estrada, increméntase a descompensación entre o ritmo de ingresos e o ritmo de gastos. Apuntábase aquí por parte da voceira do Partido Socialista estas cifras de 81,30 e 83,51 en ingresos e gastos, é un freno que non lle dan posto a este ritmo de gastos, sobre todo que se está incrementando en capítulos 1 e capítulos 2, cuestións que o final por moito que o intenten non son capaces, porque como xa dixen moitas veces se lle queda grande o goberno da Estrada, e si o salvan é porque o final ven a Diputación a poñerlle cartos enriba da mesa e así xestiona calquera claro, abrimos o grifo da Diputación e o que faga falta. Vemos tamén como aquí apunta o informe de intervención onde continúa a dar a situación de facturas que quedaron pendentes de exercicios

anteriores, nalgúns casos porque carecían de crédito suficiente para a súa correcta imputación.... nun acto nulo de pleno dereito. Esta é a realidade, os números son a realidade do que está pasando no concello da Estrada. Despois tamén se pode facer enxeñería financeira e se fan cadrar os números non?. Pero bueno, como xa é algo ao que nos está acostumbrando o Partido Popular, no papel todo queda moi bonito, nos venden un... creo recordar que hasta tiñamos no centro do pobo (pois polos papeles do Partido Popular) un Squash ou algo así que quería montar ou outra piscina climatizada. Eso é o mundo fantasioso no que se move o Partido Popular, pero a realidade e ben outra, a realidade son os números que se reflexan aquí, os números antes de cocinar, porque unha vez cocinados....o escoitaba o outro día a unha presentación dun libro de Xurxo Souto, falta o pimentón, aquí ten pimentón suficiente para darlle consistencia e darlle sabor, pero realmente non sabe porque non ten sal.

**Sr. Alcalde:** Muy ben señor Magariños, me encanta que nin o Partido Socialista nin o BNG rebatise ningunha das cifras. Unha ou dúas cousas: Unha é que ou non analizaron a Conta Xeral, outra, ou non son capaces de rebatir nin contestar as cifras que eu creo que de forma clara e sucinta foi capaz de poñer enriba da mesa o Concelleiro de Facenda, non cuestionan vostedes sobre a liquidación, sobre o remanente, sobre a execución orzamentaria, sobre as inversións... vostedes non entran a cuestión en nada, veñen aquí a soltar un speech que teñen preparado que non saben como salir desta cuestión, e non fan, dende logo, nin un solo cuestionamento ás cifras que se acaban de poñer encima da mesa que eu creo que son contundentes, son cifras claras que se evidencian da Conta Xeral e que, polo tanto, poden vostedes rebatilas si é certo ou non que o que fala de remanente de Tesorería, o que fala de liquidez, o que fala de patrimonio, o que fala de xestión tributaria económica, si é certo que poden .....aquí veñen vostedes din que é todo mentira e quédanse tan anchos tanto o Partido Socialista como o BNG. Pero bueno, esa é a súa estratexia e eu creo que nós o que temos é que unha vez máis poñer sensatez, poñer cordura, poñer xestión e poñer rigurosidade na xestión pública e permítanme que lle diga que, hombre, leccións de rigor en xestión pública os dous partidos da oposición me van a permitir que lles acepte as xustas, as xustas e necesarias. Entonces, o que si lles podo trasladar é que esta é unha liquidación orzamentaria que poden vostedes analizar si queren, que poden vostedes despois do Pleno (xa que non o fixeron antes) velas, entrar en profundidade, entrar en profundidade nelas, comprobar si estas cifras que está dando o Concelleiro e que se extraen do propio informe de Intervención e do propio documento son verídicas e reais, e ver que este Concello hoxe en día é solvente. Este Concello paga no prazo de 30 días as súas facturas, este Concello no prazo de 30 días as súas facturas, vale?, este Concello ten remanentes positivos de Tesorería e, desde logo, non deixan, como deixaron vostedes, un Concello con remanente negativo con 1.800.000 euros de facturas sin pagar no caixón e con outras moitas cousas que saben vostedes perfectamente como quedaron e que houbo que arreglar.

Entonces, tendo en conta ese escenario, que lle queren que lle diga?. A min me gustaría que esta Conta Xeral fose moito mellor, pero é unha Conta que consolida de forma clara a xestión económica, que pon o camiño no camiño da solvencia, esta administración, que me van a permitir, pero tanto a xestión foi bastante desastrosa nos últimos anos e, evidentemente, o que nos permiten é consolidar o futuro dunha institución dentro duns parámetros de eficacia e de solvencia que creo que está entre os primeiros dos 314 Concellos de Galicia. Apuntaba un dato importante o Concelleiro de Facenda que, en canto ao ratio de endebedamento, eso vostedes non o falan porque non lle interesa. Pero claro, o ratio de endeudamento pois estamos por debaixo do posto 170 de 314 Concellos de Galicia, por poboación

somos o número 21, por endebedamento somos o 170 dos 314 Concellos, eso cando vostedes chegaron a ter un endebedamento de catro millóns e medio de euros desta casa e hoxe está por debaixo dos tres millóns de euros; eso non aparece na súa... na súa lectura destas contas non, tampouco aparece que somos capaces de xestionar catro millóns de euros por riba do que era o que estaba reflexado no propio orzamento municipal, e todo ese diñeiro, na súa inmensa totalidade, se vai a inversión e é radicalmente falso que nós pidamos á Diputación que nos dea diñeiro para sufragar os gastos do Concello, eso é ter pouco coñecemento do que se fala. O Concello pide as inversións que lle corresponden á Diputación ou as subvencións que lle corresponden á Diputación para facer proxectos e inversións, non para sufragar gasto, non?, e que o incremento... e o gasto corrente, nesa miopía que a veces ten o de intentar criticar por criticar o goberno, fainos a levar que vostedes presupoñen, e eso vanllo a ter que explicar aos funcionarios e máis aos usuarios de servizos sociais, que o incremento do capítulo 1 e do capítulo 2 necesariamente ten que ser malo non?, segundo a súa lectura, e eu xa digo publicamente que eu... a nosa posición é radicalmente contraria á súa lectura. Que haya un desaxuste no capítulo 1 de persoal desta casa e que se intente arreglar, non ten porque ser necesariamente malo e eso leva unhas diferencias no capítulo 1. Pero ademais que se incrementa o gasto social, que se incrementa o gasto en máis de 180.000 euros dende que goberna o Partido Popular en servizos sociais, que incrementa o capítulo 2, necesariamente non ten porque ser malo tampouco, cando se dedica, o problema é dedicalo ao mellor ao que o dedicaban vostedes, ao gasto corrente, o mellor e dedicalo a becas, dedicalo a comedores ou dedicalo a servizos de atención ás persoas dependentes ou axuda a domicilio ou a ter asistencia; ao mellor si ese diñeiro do capítulo 2 se dedica a todo ese tipo de servizos pois posiblemente nestos tempos non este mal gastado non? Pero bueno, esa é a miopía política que teñen vostedes, que non fan unha lectura real do que son os orzamentos e a Conta e, ao final, lles leva a decir cousas que son totalmente inconcluentes en partidos supostamente de izquierdas, que son vostedes supostamente os garantes hexemónicos das políticas do benestar non?, e as cuestionan cando un goberno do Partido Popular toma medidas que incrementan en máis de 200.000 euros o gasto social nos orzamentos desde que goberna non?.

Bueno pois esa é a realidade e a incongruencia de a veces decir as cousas sin coñecer en profundidade do que se esta falando non?, e eu creo que esta Conta por primeira vez arrastra ou consolida os remanentes, consolida a liquidación na liquidación orzamentaria, tanto os remanentes totais en máis de 1.700.000 euros como os remanentes netos, e, evidentemente, me van a informar vostedes, cando vostedes foron capaces en un ano de fundir gobernando neste Concello tres millóns de euros de remanentes para recoñecementos extraxudiciais, o goberno do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, tres millóns de euros en remanentes que había consolidados, e vou a dar a cifra: 2.750.000 euros de remanentes netos que había no orzamento foron vostedes de fusilalos en un ano en gastos que realmente a veces... pois tivemos en moitas ocasións que despois asumir o goberno entrante por esa dinámica de gasto desmesurado e esa carencia feroz ao gasto improdutivo non?. E nese caso, pois eu creo que tendo en conta esa situación, pois lles digo a verdade, eu firmo agora mesmo as contas do Partido Popular e non as contas ruinosas que deixou o goberno bipartito non?, e que pois por sorte nos costou, pero fumos quen de cambiar esa dinámica e poñelas outra vez na senda da coherencia, na senda da estabilidade e na senda da solvencia que, o final, é a mellor herencia que pode deixar un goberno despois de catro anos, unha administración que esta que defende os intereses de tódolos cidadanos, unha administración solvente, unha administración eficaz e unha



administración rigurosa. Ese é o camiño e eu creo que, desde logo, pois ante a súa valoración que eu creo que, me permiten si llo digo, pero non se axusta en absoluto ao documento ou non tiveron o mellor tempo de poder analízalo, lles invito a que o fagan con dedicación e que vexan si esas cifras que se acaban de poñer encima da mesa son as cifras que arrojan a liquidación e, desde logo, son as cifras que realmente acreditan esa solvencia por parte de esta administración.

Así que si lles parece pois procedemos a votar este asunto da Conta Xeral, o punto número dous que é a Conta Xeral correspondente ao exercicio do 2013. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Aprobase por maioría.

Finalmente, adóptase, polos votos a favor do Partido Popular (11) e en contra do PsdeG-PSOE (7) e BNG (1), o seguinte **ACORDO:**

Visto o expediente da Conta Xeral 2013.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 13-08-2014.

Visto o Ditame favorable da Comisión de Facenda e Especial de Contas de data 06-10-2014.

Vista a publicación do preceptivo anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 208, do 28-10-2014.

Visto que, rematado o período legal de exposición pública, non se produciu ningún reparo ou observación ao respecto da dita Conta no prazo sinalado para tal efecto no anuncio de mención, do que da fe a certificación do Secretario Acctal con data 27-11-2014.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda e Contas de data 27-11-2014, relativa á aprobación da Conta Xeral do Orzamento, correspondente ao exercicio 2013.

Visto o disposto no artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004,

#### **ACORDAMOS:**

Aprobar a Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2013.

#### **3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA DATA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA DO MES DE DECEMBRO DE 2014.**

**Sr. Alcalde:** O punto número tres é a aprobación, si procede, da proposta de modificación da data de celebración da sesión plenaria do mes de decembro de 2014. Ten a palabra o señor Blanco.

**Sr. Blanco Carracedo:** Ben, tal como se ten falado cos restantes portavoces, pásase.... habíase falado inicialmente de facer unha sesión extraordinaria en vez de facer o Pleno ordinario o día catro, facer un ordinario o día 18, e aproveitando que se celebra este Pleno extraordinario, para non causar ningunha merma nos dereitos da oposición e no tema de rogos e preguntas e para cumprir estritamente ca lei tamén, sométese a aprobación o cambio do Pleno ordinario que tería que celebrarse o próximo xoves para o próximo día 18.

**Sr. Alcalde:** Muy ben señor Blanco, algunha cuestión?. Ten a palabra señora Louzao.

**Sra. Louzao:** Ben, como vostede di, efectivamente tiñamos conversado ao respecto da necesidade de realizar un Pleno extraordinario en data 18 porque, según se nos decía dende o

gobierno, non había asuntos que levar ao Pleno do mes de... ao Pleno ordinario. Bueno, vemos unha vez mais, como xa dixemos ao comezo, que eso demostrou non ser certo, si había asuntos, ademais dunha Comisión que estaba convocada e que se podía ter ditaminado para levalo, e asuntos... bueno, entendemos que a ese Pleno do día 18 estarán vostedes preparando o orzamentoe por eso dicían que non lles daba tempo e non había asuntos, queremos creer que o van levar a ese Pleno. De todas formas, como vostedes cambiaron a regras de xogo desde que temos falado, dende logo, non vamos a apoiar e non vamos a manter ese cambio porque se demostrou que o que vostede nos dixera señor Blanco aos dous portavoces non era certo, si había asuntos que tratar nese Pleno do día 4 e, polo tanto, non tiña sentido adialo ata o día 18.

**Sr. Alcalde:** Muy ben señora Louzao, señor Magariños?. Ten a palabra señor Blanco.

**Sr. Blanco Carracedo:** Ben, hoxe non fai nada máis que chamarme mentiroso.

**Sr. Magariños:** É a palabra do día.

**Sr. Blanco Carracedo:** É a palabra do día, si. Espero que facendo referencia á anterior mentira que me achacou, dicindo que eu afirmara que se perdera algunha subvención, gustaríame que me dixera cal é.

**Sra. Louzao:** Dixo usted que non se perdían por non tela presentado.

**Sr. Blanco Carracedo:** Que non se perderan, dixo usted que se perderan, si se perdeu algunha dígame cal, sinón rectifique, ben en canto o que non había asuntos.

**Señor Alcalde:** Perdone, un segundo señor Blanco

**Sr. Blanco Carracedo:** Si

**Sr. Alcalde:** Creo que, non sei si hoxe esta un pouco alterada de máis, xa é a segunda ou a terceira vez que interrompe. Creo que todo o mundo lle mantén o respecto no seu orde, no seu.. creo que nadie interrompeu mentras que vostede tomou a palabra, respete vostede tamén aos demais. Creo que é o mínimo que se pode pedir non?, e, a parte, cando os demais creo que gardan un respetuoso silencio cando vostede fala, entonces lle pido por favor que non interrompa cando interveñen os demais voceiros, moitas gracias.

**Sr. Blanco Carracedo:** Ben, simplemente aclarar que o motivo que dou lugar ao Pleno de hoxe foi unha causa sobrevenida posterior a nosa conversación, que en esa conversación se falou de que había unha alegación a Ordenanza do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e que iba a haber a necesidade de facer un Pleno posterior. Ese foi o motivo polo que decidimos solicitar dos grupos da oposición ese cambio ese cambio de fecha. Ese foi o motivo principal, máis que houbese ou non houbese motivos. En todo caso, o de hoxe foi unha causa sobrevenida a esa conversación e outro a necesidade dun Pleno, si ou si, un Pleno extraordinario o día 18.

**Sr. Alcalde:** Muy ben, algunha intervención?, pois procedemos a votar logo a proposta de modificación da acta da celebración da sesión plenaria do mes de decembro. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase.

Finalmente, adóptase, polos votos a favor do Partido Popular (11), en contra do PsdeG-PSOE (7) e a abastención do BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 28-11-2014 que literalmente di:

*"Visto que o Pleno ordinario do mes de decembro debería de celebrarse o xoves día 4.*

*Visto que por motivos de organización non resulta axeitado celebrar o mesmo na data indicada.*

*Visto o Acordo acadado coa Xunta de Portavoces.*

**PROPOÑO:**

*Cambiar a data da celebración do pleno ordinario do mes de decembro, pasando do día 4 ao día 18".*

**ACORDAMOS:**

Cambiar a data da celebración da sesión plenaria correspondente ao mes de decembro de 2014, quedando fixada para o día 18 de decembro de 2014.

\*\*\*\*\*

**Sr. Alcalde:** E tratándose dunha sesión extraordinaria non habendo máis asuntos a tratar levantamos a sesión.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, levántase a sesión ás vinte e unha horas cinco minutos.

A Estrada, 1 de decembro de 2014  
O SECRETARIO ACCTAL.,

Asdo.: Luis M. Lozano Lorenzo